

Hello families,

Continuamos un novo trimestre no que quixera aclarar diferentes aspectos relativos á materia.

En primeiro lugar, quero informaros de que non continuaremos a traballar novos contidos nos libros de texto. O motivo principal é que o proceso de ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira na idade que teñen os vos@s fill@s debe ser moi guiado, xa que hai que axudarlles no proceso de lectura, insistindo nos patróns de pronunciación, ritmo, e acentuación, xa que ésta non é unha lingua que se lea igual que se escribe. Por outro lado, a explicación dos contidos gramaticais debe ser moi clara e concisa, con exemplos que lles sexan familiares, o que esta situación de confinamento na que nos atopamos, non permite. Evidentemente, non é a vosa obriga coñecer todos estes aspectos, tanto gramaticais coma fonéticos da lingua inglesa (é por iso que non debedes cargar vós con un traballo que non vos corresponde), así que unha vez iniciado o novo curso retomarei as explicacións pendentes, para logo poder seguir cos contidos relativos ó segundo curso da Educación Primaria.

En segundo lugar, irei incluíndo unha serie de actividades ó longo destas xornadas para que sigan repasando conceptos que xa coñecen, insistindo especialmente en que non perdan a adquisición de vocabulario, que é o principal que deben recordar para logo poder ler e enfrentarse ás actividades.

Así pois, intentade que completen o que lles irei presentando sempre anotando todo aquilo que lles resulta difícil de asimilar, para que chegado o momento, eu lles poida resolver todas as dúbidas.

De igual modo, se nalgunha palabra teñen especial dificultade de comprensión, podedes recurrir ó dicionario [www.wordreference.com](http://www.wordreference.com), que vos axudará a desenvolver as actividades sen problema.

Para estes días, ademáis de intentar completar as actividades que vos enviarei en documentos PDF, ides traballar na seguinte páxina web, na

que o alumnado poderá xogar ó mesmo tempo que van aprendendo. Premede no buscador [www.anglomaniacy.pl](http://www.anglomaniacy.pl) e intentade entrar nos seguintes apartados polo momento:

Unha vez na páxina web, premede no icono **ENGLISH FUN**, posteriormente premede en **ABC ANIMALS**, logo iredes ó icono **GAMES** e ide premendo nas diferentes letras do alfabeto (é moi importante que non esquezan as letras do alfabeto e a súa pronunciación, xa que lles axudará a crear as diferentes palabras que logo veremos no vocabulario), pulsade en cada letra, unha por unha e irán aparecendo fotografías de diferentes palabras que se pronuncian con A B C D..... e así sucesivamente. Unha vez que pulsedes en cada letra, escoitarán a pronunciación de distintas palabras. Pedídelles @s nen@s que as repitan (é moi importante que sigan entrenando o oído). Por exemplo, cando pulsades na letra A, aparecen varios exemplos de palabras que levan esa letra, premede nelas e escoitade a súa pronuncia: **angel, apple, ant, acorn, anchor, alligator**. Seguíde o proceso con todas as letras do alfabeto.

Unha vez rematada esta acitividade, volvedes a pulsar na parte superior, **ENGLISH FUN** e escolledes a imaxe que pon **SONGS FOR KIDS**. Pinchade logo en **TRADITIONAL SONGS** e escollemos a titulada **CLEMENTINE**, pulsamos en **lyrics and music** e poderemos ver a letra e escoitar a canción. Ó mesmo tempo que teñen a letra diante na parte dereita da pantalla, dádelles ó play e escoitarán a canción. Unha vez que a escoiten varias veces, que intenten el@s tamén cantala. Pasarano ben e están aprendendo uns contidos moi valiosos.

Unha vez rematada CLEMENTINE, volvedes á parte superior da pantalla e clicades de novo en **SONGS** e logo **TRADITIONAL SONGS**. Esta vez, escolleredes **ABC SONG**. Facemos o mesmo que coa anterior.

A seguinte será a titulada **IF YOU'RE HAPPY**. Nesta ademáis de escoitar, poder facer a coreografía tal e como se di na canción:

**Clap your hands: aplaudide**

Shake your head: move a cabeza

Give a smile: sorrir

E nos últimos versos facer as tres accións xuntas. Por suposto, se teñen tempo e lles apetece, poden facer o mesmo con outras cancións que aquí aparecen. De momento, proponho esas porque non quero satural@s.

Unha vez rematada a sección de música, volvemos á páxina de inicio premendo en **ANGLOMANIACY**, na parte superior da pantalla e iremos á sección **VOCABULARY**. Ide á parte inferior da páxina onde están por orde alfabética os diferentes temas que imos traballar, ordenados por orde alfabética: **A-E F-K L-T T-W**.

Empezaremos polo apartado titulado **CLOTHES**. Unha vez que escollemos este apartado, aparecen uns recadros titulados **WORDLIST**, **PICTURE DICTIONARY**, **MATCHING GAME**, **SPELLING GAME**, **GUESSING GAME**, **PICTURE TEST**, **VOCABULARY QUIZ**. Empezade polo titulado **PICTURE DICTIONARY** no que se abrirá unha pantalla coa lista de diferentes prendas. Deben clicar nelas e escoitarán cómo se pronuncian. Deben repetir cada unha delas. Os seguintes apartados son todos para realizar online actividades relacionadas con ese vocabulario. En **MATCHING GAME**, deben buscar parellas. En **SPELLING GAME** irán clicando en cada foto e as letras aparecerán desordenadas para que eles as escriban na orde correcta. En **GUESSING GAME**, apareceralles o teclado dun ordenador e el@s deben ir escollendo as letras que se necesitan para formar a palabra secreta. En **PICTURE TEST** aparecerán unha serie de fotografías e deben escoller cal é a que se corresponde coa letra que aparece escrita. En **VOCABULARY QUIZ** aparece unha fotografía e deben escoller a palabra correcta que define a esa fotografía.

O mesmos xogos poden facerse para diferentes temáticas. Eu puxen body como exemplo, pero poden seguir practicando todo o traballado en clase segundo preferencias: **domestic animals, drinks, family, food, fruits, pets, school, sport, toys, vegetables**, etc... O sistema das actividades é sempre o que vos describín anteriormente. Todas elas contribuen a que

consoliden o vocabulario aprendido xa que se non están en contacto con él e o escoitan a diario, acaban esquecendo todo.

Moito ánimo coa situación na que estamos e co desenvolvemento das actividades.

See you soon

Rosie